

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Augas de Galicia

Servizo Territorial da Zona Galicia Norte

DH.W15.61512. Peche de parcela. Concello de Paderne

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Antonio Dans Sánchez, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río Morao, a autorización de obras, no polígono 7, parcela 11, no lugar de Sas, parroquia de Vilouzás (San Salvador), Concello de Paderne (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.61512.

As obras solicitadas consisten no peche de parcela mediante múrete de formigón de 0,15 m de alto e postes e malla metálica.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Paderne ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 23 de maio de 2018

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias

2018/3662